

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DEZAOITO DE SETEMBRO DE 2017.
EXPTE. 5227/2017.**

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA

D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL

D^a. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. JOSÉ VIVERO RUSSO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 18 de setembro de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a do Secretario Accidental, José Vivero Russo, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D^a. María Isabel Rodríguez López e D. Jesús Fernandez Fernández, e máis a Interventora municipal D^a. María Rosa Abelleira Fernández.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN LEVADA A CABO O DÍA 04-09-17.

Non existindo ningunha obxección ó respecto, procédese á aprobación da acta da sesión do día 4 de setembro de 2017.

2.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

EXPTE. 4962/2017. - AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. *Berta Pernas Martínez*, con domicilio en Foro, núm. 2, Escourido-Covas, Viveiro, con rexistro de entrada núm. 5470/2017.

Visto o informe da Traballadora social, asinado dixitalmente o 1 de setembro de 2017, no que se propón conceder a dita axuda á solicitante, de acordo ás seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	> 150% < 200% IPREM
Aportación económica:	20%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	80%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente de resolución dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D^a. *Berta Pernas Martínez*, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

EXPTE. 5170/2017. - AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D. *Jesús Francisco Villar Vigo*, con domicilio en Lamas-San Pedro 19, Viveiro, con rexistro de entrada municipal núm. 5665/2017.

Visto o informe da Traballadora social, asinado dixitalmente o 13 de setembro de 2017, no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado de acordo ás seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	> 80 % < 150 % IPREM
Aportación económica:	10%

Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	90%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente concesión PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D. *Jesús Francisco Villar Vigo*, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación ao interesado.

EXPTE. 5211/2017. - AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. *Elvira González Vidal*, con domicilio en Bimbial num. 17, Magazos, Viveiro, con rexistro de entrada núm. 5732/2017.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal.
Capacidade económica da persoa usuaria:	> 150% < 200% IPREM
Aportación económica:	20%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	80%
Duración do servizo:	2 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente resolución PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- *Conceder o servizo de axuda no fogar a D^a. Elvira González Vidal*, coas características especificadas no informe da Traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

EXPTE. 1475/2016.- ASIGNACIÓN DE NÚMERO DE VIVENDA.

Visto o escrito presentado con rexistro de entrada municipal núm. 3958/2017 por D. *Samuel Regal Pino*, con domicilio a efectos de notificacións no Muelle Sur, núm. 21, en Celeiro, Viveiro, no que manifesta

que é propietario dunha vivenda no camino de Flora, s/n, en Area, Viveiro, manifestando que a devandita vivenda non ten asignado rúa e tampouco número, solicitando asignación de rúa e número de vivenda.

Visto o informe emitido pola Encargada do Negociado de Estadística, asinado o 1 de setembro de 2017, no que expresamente se sinala que á devandita vivenda corresponderíalle a seguinte identificación: "Area núm. 90-Faro".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Asignarlle á vivenda de D. Samuel Regal Pino, a seguinte dirección e numeración de goberno: "Area núm. 90-Faro".

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Estadística para a súa notificación ao interesado.

3.- LICENZA URBANÍSTICA.

EXPTE. 4536/2016.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza con rexistro de entrada núm. 8118/2016, presentada pola sociedade "Birra Viveiro S.L.", con CIF núm. B-27484898, con domicilio en Suasbarras núm. 42, da parroquia de Covas, no que manifesta que desexa realizar obras interiores e substitución de carpintería exterior no bar-cafetería existente no inmovible sito na rúa Fernández Victorio núm. 6 baixo, de Viveiro (referencia catastral 3354903PJ1335S0001ZO). Á citada solicitude acompaña os seguintes documentos: 1) Proxecto técnico redactado por D. Bernardo Fraga Galdo; 2) Xustificante de pagamento dos tributos municipais. No expediente consta igualmente o requerimento da Alcaldía para completar a documentación e presentación da mesma pola empresa solicitante.

Visto o informe técnico favorable emitido pola arquitecto técnico da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

No informe técnico sinálase que a clasificación do solo é urbano consolidado. A edificación donde se pretende realizar as obras está situada no núm. 6-baixo da rúa Fernández Victorio, no Casco Histórico de Viveiro. A parcela figura coa referencia catastral 3354903PJ1335S0001ZO. As obras a realizar son as descritas no "proxecto técnico para obras interiores e substitución de carpintería exterior en bar cafetería existente", asinado polo técnico D. Bernardo Fraga Galdo.

No punto 2.4 do informe emitido pola arquitecto técnico indícase expresamente que "Segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre coa normativa urbanística, debido a que non se realizan obras no exterior da edificación, realizando no interior obras de escasa entidade que afectan principalmente á decoración. Sen embargo NON SE SUBSTITUIRÁ A PORTA DE ACCESO ó local comercial realizada en madeira maciza por outra de vidro por considerarse que a de madeira adáptase mellor ó entorno e á edificación donde está ubicada. Asímesmo, indicar que a porta de acceso ás vivendas do edificio é das

mesmas características que a do local comercial."

Visto o informe xurídico favorable, emitido pola Técnico xurídico do Departamento de Urbanismo. No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- Os artigos 142.2, letra b) LSG e 351.1, letra b) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.
- De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan esixibles nos termos da lexislación sectorial vixente. Non resultan precisas autorizacións e/ou informes sectoriais, segundo se deduce do informe dos servizos técnicos que consta no expediente.
- O informe dos servizos técnicos municipais constata a adecuación do acto pretendido a lexislación e ao planeamento urbanísticos (o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. No ámbito do solo urbano do casco antigo de Viveiro tal planeamento é PEPRI do casco antigo de Viveiro).
- As actuacións propostas non afectaran á actividade desenvolvida no establecemento, segundo resulta da documentación técnica do expediente

Conclúe o informe xurídico sinalando que, visto cando antecede, no expediente seguíuse a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución de 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, con base ós antecedentes obrantes no expediente e con base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a "*Birra Viveiro S.L.*" licenza municipal para executar obras interiores e substitución de carpintería exterior no bar-cafetería sita na rúa Fernández Victorio núm. 6, baixo, en Viveiro, con referencia catastral núm. 3354903PJ1335S0001ZO, de acordo co documento técnico denominado "*Proxecto técnico para obras interiores e substitución de carpintería exterior en bar-cafetería existente*", asinado dixitalmente por Bernardo Fraga Galdo en data 7 de marzo de 2017.

Segundo.- As condicións particulares ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- A porta de acceso ó establecemento será de madeira maciza.
- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza, así como para a instalación de andamiaxe.

Terceiro.- Condicións xerais da licenza.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder dos seis meses, e o de terminación dos tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.
- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

EXPTE. 2534/2017.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DENOMINADO "SERVIZO DE MANTEMENTO DE ASCENSORES DO CONCELLO DE VIVEIRO".

Vistos os antecedentes do expediente para a contratación denominada “*Servizo de mantemento de ascensores do Concello de Viveiro*” (Expte. CT 7/2017), que, de xeito resumido, foron os seguintes:

1. A Xunta de Goberno Local, en sesión de 28 de abril de 2017, aprobou o expediente de contratación, a tramitar por procedemento negociado sen publicidade, previos os antecedentes e informes preceptivos.
2. Ao referido procedemento foron invitadas as empresas “*Ascensores Enor S.A.*”; “*Zardoya Otis S.A.*”; “*Orona Sociedad Cooperativa*”; “*Thyssenkrupp elevadores S.L.U*”; “*Schindler S.A.*”.
3. Para o desenvolvemento do expediente levaronse a cabo as Mesas de contratación en sesións de 11 de maio, 2 e 6 de xuño e 19 de xullo de 2017, recollendo nas correspondentes actas o procedemento desenvolvido nas mesmas.
4. Na Mesa de Contratación de 19 de xullo de 2017, vistas as ofertas e antecedentes do expediente, procedeuse á valoración das ofertas, consonte ao seguinte resultado:

VALORACIÓN DE OFERTAS (CLÁUSULA 16 DO PREGO DE CLÁUSULAS)

Empresas	Ofertas presentadas (con IVE)	Puntos
Enor	24.306,48 €	18,51
Otis	26.620,00 €	16,90
Orona	20.500,00 €	21,95
Schindler	15.398,00 €	29,22
Thyssenkrupp	15.000,00 €	30

5. A Xunta de Goberno Local, en sesión de 31 de xullo de 2017, vista a proposta de adxudicación do contrato efectuada pola Mesa de Contratación de 19 de xullo de 2017 a favor da mellor oferta, presentada pola empresa “*Thyssenkrupp elevadores S.L.U*”, por un importe total de contrato de 15.000,00 € durante os tres anos da súa vixencia, acordou requirila para a presentación dos documentos previos á adxudicación do contrato.
6. Queda acreditado no expediente que a empresa “*Thyssenkrupp elevadores S.L.U*” presentou ante o Concello os documentos solicitados, previos á adxudicación do contrato, entre os que se atopa a garantía definitiva formalizada ante a Tesourería municipal.

Vistos os informes emitidos polo Servizo de Contratación municipal, asinado dixitalmente o 1 de setembro de 2017, no que se describen todos os antecedentes do procedemento de contratación, así como o informe da Secretaría Accidental, de 15 de setembro de 2017, coa conformidade de Intervención,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar o contrato denominado "*Servizo de mantemento de ascensores do Concello de Viveiro*" á empresa "*Thyssenkrupp elevadores S.L.U.*", con CIF núm. B-460018987, cun prazo de execución de 3 anos, e por un importe total anual de 5.000,00 €, IVE incluído, o que representa un importe total trianual de contrato de 15.000,00 €, IVE incluído, que queda desglosado do seguinte xeito:

Orzamento base	21 % IVE	Orzamento total
12.396,69 €	2.603,31 €	15.000,00 €

Segundo.- Requiritr á empresa adxudicataria para levar a cabo a formalización do contrato, que deberá quedar asinado no prazo de quince días hábiles, computados a partir do día seguinte á recepción da notificación.

Terceiro.- Publicar anuncio da adxudicación no perfil do contratante, así como remitir anuncio referente á formalización do contrato ao Boletín oficial da provincia de Lugo.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo á Intervención municipal para o seu coñecemento, así como ao Servizo de Contratación, para dar continuidade ó procedemento ata a súa conclusión.

EXPTE. 4656/2017.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DENOMINADO "SINALIZACIÓN DA RUTA DE SENDEIRISMO "PENEDO DO GALO" DO CONCELLO DE VIVEIRO".

Vistos os antecedentes do expediente para a contratación denominada "*Sinalización da ruta de sendeirismo "Penedo do Galo" do Concello de Viveiro*" (Expte. CT 16/2017), que, de xeito resumido, foron os seguintes:

1. A presente actuación estará subvencionada ao abeiro das Resolucións da Directora de Turismo de Galicia, de 27 de xullo de 2017, de concesión da subvención e de 29 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para o fomento de

Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

2. A Xunta de Goberno Local, en sesión de 28 de agosto de 2017, aprobou o expediente de contratación, a tramitar por procedemento negociado sen publicidade, previos os antecedentes e informes preceptivos.
3. Ao referido procedemento foron invitadas as empresas “*Sherpa project S.L.*”; “*Futures infografía S.L.*”; “*Stick publicidade S.L.U.*”.
4. En reunión levada a cabo na Alcaldía o 4 de setembro de 2017 deuse conta da única proposición presentada por parte da empresa “*Futures infografía S.L.*”, procedéndose á valoración da oferta, e decidindo requirila para a presentación dos documentos previos á adxudicación do contrato.
5. Queda acreditado no expediente que a empresa “*Futures infografía S.L.*” presentou ante o Concello os documentos solicitados, previos á adxudicación do contrato, entre os que se atopa a garantía definitiva formalizada ante a Tesourería municipal.

Vistos os informes emitidos polo Servizo de Contratación municipal, con data 15 de setembro de 2017, no que se describen todos os antecedentes do procedemento de contratación, así como o informe da Secretaría Accidental, de 15 de setembro de 2017, coa conformidade de Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar o contrato denominado “*Sinalización da ruta de sendeirismo “Penedo do Galo” do Concello de Viveiro*”, á empresa “*Futures Infografía S.L.*” con CIF núm. B-27235555, cun prazo de execución de 3 semanas, e por un importe total de 18.975,00 €, IVE incluído, que queda desglosado do seguinte xeito:

Orzamento base	21 % IVE	Orzamento total
15.681,82 €	3.293,18 €	18.975,00 €

Segundo.- Requiritr á empresa adxudicataria para levar a cabo a formalización do contrato, que deberá quedar asinado no prazo de quince días hábiles, computados a partir do día seguinte á recepción da

notificación.

Terceiro.- Publicar anuncio da adxudicación no perfil do contratante, así como remitir anuncio referente á formalización do contrato ao Boletín oficial da provincia de Lugo.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo á Intervención municipal para o seu coñecemento, así como ao Servizo de Contratación, para dar continuidade ao procedemento ata a súa conclusión.

5.- APROBACIÓN DE CONVENIOS.

A.- EXPTE. 5006/2017.- CONVENIO COA “BANDA DE MÚSICA O LANDRO”.

Vista a proposta da Alcaldía, de 8 de setembro de 2017, para a aprobación do Convenio coa “BANDA DE MÚSICA O LANDRO”, ano 2017, adxuntando modelo de convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Viveiro e a “BANDA DE MÚSICA O LANDRO”, ano 2017, para a concesión da subvención nominativa.

Visto o informe de Intervención, de carácter favorable, no que se recolle que se trata dun convenio de colaboración polo que se concede unha subvención nominativa para a realización das actividades descritas no corpo do Convenio, da “BANDA DE MÚSICA O LANDRO”, sinalando que a aplicación orzamentaria para a cantidade proposta de 25.000,00 euros é a 3340.48901, manifestando a existencia de dita consignación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención nominativa á “BANDA DE MÚSICA O LANDRO”, prevista nominativamente no orzamento para o exercicio 2017, por importe de 25.000,00 euros, nos termos recollidos no modelo de convenio que acompaña á proposta da Alcaldía

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados ós efectos de proceder á sinatura do referido convenio.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo o Departamento de Tesourería os efectos do acordado no punto segundo e ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento.

B.- EXPTE. 5006/2017.- CONVENIO COA “XUNTA DE COFRADIAS DA SEMANA SANTA”.

Vista a proposta da Alcaldía, de 8 de setembro de 2017, para a aprobación do Convenio coa "XUNTA DE COFRADIAS DA SEMANA SANTA", ano 2017, adxuntando modelo de convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Viveiro e a "XUNTA DE COFRADIAS DA SEMANA SANTA", ano 2017, para a concesión da subvención nominativa.

Visto o informe de Intervención, de carácter favorable, no que se recolle que se trata dun convenio de colaboración polo que se concede unha subvención nominativa para a realización das actividades descritas no corpo do Convenio, da "XUNTA DE COFRADIAS DA SEMANA SANTA", sinalando que a aplicación orzamentaria para a cantidade proposta de 25.000,00 euros é a 3340.48905, manifestando a existencia de dita consignación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención nominativa á "XUNTA DE COFRADIAS DA SEMANA SANTA", prevista nominativamente no orzamento para o exercicio 2017, por importe de 25.000,00 euros, nos termos recollidos no modelo de convenio que acompaña á proposta da Alcaldía.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados ós efectos de proceder á sinatura do referido convenio.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo o Departamento de Tesourería os efectos do acordado no punto segundo e ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento.

C.- EXPTE. 5006/2017.- CONVENIO CO "CENTRO COMERCIAL HISTÓRICO".

Vista a proposta da Alcaldía, de 8 de setembro de 2017, para a aprobación do Convenio co "CENTRO COMERCIAL HISTÓRICO", ano 2017, adxuntando modelo de convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Viveiro e o "CENTRO COMERCIAL HISTÓRICO" ano 2017, para a concesión da subvención nominativa.

Visto o informe de Intervención, de carácter favorable, no que se recolle que se trata dun convenio de colaboración polo que se concede unha subvención nominativa para a realización das actividades descritas no corpo do Convenio, da "CENTRO COMERCIAL HISTÓRICO", sinalando que a aplicación orzamentaria para a cantidade proposta de 2.000,00 euros é a 4300.48920, manifestando a existencia de dita consignación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención nominativa á "CENTRO

COMERCIAL HISTÓRICO”, prevista nominativamente no orzamento para o exercicio 2017, por importe de 2.000,00 euros, nos termos recollidos no modelo de convenio que acompaña á proposta da Alcaldía.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados ós efectos de proceder á sinatura do referido convenio.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo o Departamento de Tesourería os efectos do acordado no punto segundo e ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento.

D.- EXPTE. 5006/2017.- CONVENIO COA “ASOCIACIÓN COMERCIANTE BEIRAS”.

Vista a proposta da Alcaldía, de 8 de setembro de 2017, para a aprobación do Convenio coa “ASOCIACIÓN COMERCIANTE BEIRAS”, ano 2017, adxuntando modelo de convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Viveiro e a “ASOCIACIÓN COMERCIANTE BEIRAS”, ano 2017, para a concesión da subvención nominativa.

Visto o informe de Intervención, de carácter favorable, no que se recolle que se trata dun convenio de colaboración polo que se concede unha subvención nominativa para a realización das actividades descritas no corpo do Convenio, da “ASOCIACIÓN COMERCIANTE BEIRAS”, sinalando que a aplicación orzamentaria para a cantidade proposta de 2.000,00 euros é a 4300.48930, manifestando a existencia de dita consignación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención nominativa á “ASOCIACIÓN COMERCIANTE BEIRAS”, prevista nominativamente no orzamento para o exercicio 2017, por importe de 2.000,00 euros, nos termos recollidos no modelo de convenio que acompaña á proposta da Alcaldía.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados ós efectos de proceder á sinatura do referido convenio.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo o Departamento de Tesourería os efectos do acordado no punto segundo e ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento.

6.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

EXPTE. 4455/2017.- INDEMNIZACIÓN POR GASTOS DE DEFENSA XURÍDICA.

Para o debate e acordo deste punto, por incurrir en causa de abstención,

abstéñense a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e o Concelleiro, don Jesús Antonio Fernández Cal.

Visto o escrito presentado, con rexistro de entrada municipal núm. 5298/2017, por dona María Loureiro García, don Rafael Luis Fernández Amor, dona María Isabel Rodríguez López, dona Olga Méndez Carro e don Jesús Antonio Fernández Cal, no que solicitan que por parte do Concello de Viveiro se asuman os gastos de representación e defensa derivados das "*Dilixencias Previas 839/13, Procedimiento abreviado 148/16-E*", considerando os solicitantes que se cumpren os requisitos para que estes gastos que tiveron que sufragar sexan indemnizados polo Concello, como gastos ocasionados no exercicio do seu cargo como membros da Corporación municipal no momento no que se levaron a cabo as actuacións administrativas denunciadas que deron lugar aos procedementos xudiciais referidos. Xuntan ao escrito os seguintes documentos: 1) Sentencia firme núm. 54/2017. 2) Minuta de honorarios e gastos suplidos do Notario D. Francisco M. Brea Graíño e xustificante acreditativo de abono; 3) Minutas de honorarios pola defensa devengados polo Letrado D. José Luis Boedo e xustificantes acreditativos de abono.

Resultando que segundo a documentación obrante no expediente, a cuantía asumida por cada un dos solicitantes polo aboamento de letrado ascendeu a 12.100 €, IVE incluído.

Visto o informe xurídico de 27 de xullo de 2017, que consta no expediente, emitido pola encargada do Departamento de Servizos xurídicos, no que se conclúe que concorren os requisitos establecidos pola xurisprudencia do Tribunal Supremo para poder considerar os gastos de defensa reclamados como gastos ocasionados no exercicio do seu cargo, e, polo tanto, reembolsables polo Concello de Viveiro, e que a cuantía minutada polos cinco defendidos sería conforme ao establecido no Baremo de Honorarios dos Colexios de Abogados de Galicia.

Visto que consta no expediente documento RC, asinado o 13 de setembro de 2017 pola Interventora municipal, no que se acredita que para este expediente existe saldo de crédito disponible, quedando retido na partida orzamentaria 9120.233 (Referencia 22017001770; núm. de operación 220170012088, de 13 de setembro de 2017).

Vista a relación de obrigas por defensa xurídica asinada polo Concelleiro de Facenda, coa conformidade da Intervención, por un importe total de 60.500,00 €.

A Xunta de Goberno, cos votos favorables dos Concelleiros D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega e D. Emilio Villarmea Méndez e coa abstención da Sra. Alcaldesa e do Concelleiro D. Jesús Fernández Cal, acorda:

Primeiro.- Indemnizar a D^a. María Loureiro García, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. María Isabel Rodríguez López, D^a. Olga Méndez Carro e D. Jesús Antonio Fernández Cal, polos gastos de representación e defensa derivados das “*Dilixencias Previas 839/13, Procedimiento abreviado 148/16-E*”, por un importe de 12.100 € a cada un dos solicitantes, segundo a documentación e informes que constan no expediente 4455/2017.

Segundo. Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Servizos xurídicos para a súa notificación aos interesados e comunicar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería para realizar a tramitación correspondente para levar a efecto o acordado no punto primeiro.

EXPTE. 5070/2017.-

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas referente ao expediente 5070/2017.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do Concelleiro de Facenda referente ao expediente 5070/2017.

Segundo. Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 5218/2017.-

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas referente ao expediente 5218/2017.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do Concelleiro de Facenda referente ao expediente 5218/2017.

Segundo. Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 3595/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expediente 3595/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención municipal, asinado o día 12 de xuño de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por "*Viesgo comercializadora de referencia S.L.*" e "*Viesgo enerxía S.L.*" por un importe total de 14.209,06 €, que constan no expediente 3595/2017. No devandito informe sinalase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de 14.209,06 €.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 5 de setembro de 2017 proceduse ao levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

"1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 14.209,06 €.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso."

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos, e por non existir contrato administrativo vixente segundo se deduce das resolucións de levantamentos de reparo de facturas enerxía eléctrica expedientes Aldro (III) e Xenera (I) asinadas en data 12 de abril de 2017.

Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Viesgo Comercializadora de Referencia SL e Viesgo Enerxía SL, referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.

Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abrangue todos os subministros existentes.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.

III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo

o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN: 1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 3595/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 4817/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expediente 4817/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención municipal, asinado o día 23 de agosto de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por “Gas Natural S.U.R SDG S.A.” por un importe total de 22.855,02 €, que constan no expediente 4817/2017. No devandito informe sinalase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de 22.855,02 €.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 4 de setembro de 2017 proceduse ao levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 22.855,02 €.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros,

fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos, e por non existir contrato administrativo vixente segundo se deduce das resolucións de levantamento de reparo de facturas enerxía eléctrica expedientes Aldro (III) e Xenera (I) asinadas en data 12 de abril de 2017.

Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Gas Natural S.U.R. SDG S.A., referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.

Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abranga todos os subministros existentes.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.

III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN: 1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015 acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 4817/2017.

Segundo. Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 4818/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expediente 4818/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención municipal, asinado o día 23 de agosto de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por “*Limpiezas Viveiro S.L.U.*” por un importe total de 272,25 €, que constan no expediente 4818/2017. No devandito informe sinálase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de 272,25 €.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 5 de setembro de 2017 proceduse ao levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 272,25 €.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acreedor.

Tendo en conta que neste momento xa se está a tramitar, no Departamento de Contratación, o expediente para licitar o servizo de limpeza de diversos edificios municipais do Concello de Viveiro, atopándose redactado a día de hoxe un borrador do prego de cláusulas administrativas particulares, que precisa de varias modificacións.

Resultando que o Concello non pode prescindir do servizo de limpeza, que debe continuar realizándose mentres non se remate o expediente de contratación iniciado.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta que xa se atopa en tramitación o expediente de contratación para o servizo de limpeza.

III. Tendo en conta que este servizo resulta indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se remate o oportuno expediente de contratación, é preciso continuar coa súa prestación.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN: 1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015 acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención, foi levantado pola Alcaldía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 4818/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 4822/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expediente 4822/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención municipal, asinado o 23 de agosto de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por “*Xenera compañía eléctrica S.A.*” por un importe total de 173,35 €, que constan no expediente 4822/2017. No devandito informe sinalase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de 173,35 €.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 4 de setembro de 2017 proceduse ao levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 173,35€.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos, e por non existir contrato administrativo vixente segundo se deduce das resolucións de levantamentos de reparo de facturas enerxía eléctrica expedientes Aldro (III) e Xenera (I) asinadas en data 12 de abril de 2017.

Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Xenera Compañía Eléctrica SA, referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrència e publicidade.

Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrència e publicidade, que abrangue todos os subministros existentes.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.

III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN: 1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015 acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención, foi levantado pola Alcaldía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 4822/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 4823/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expediente 4823/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención municipal, asinado o 23 de agosto de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por “*Aldro enerxía y soluciones S.L.*” por un importe total de 22.818,64 €, que constan no expediente 4823/2017. No devandito informe sinalase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de 22.818,64 €.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 5 de setembro de 2017 proceduse ao levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 22.818,64 €.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de

que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos, e por non existir contrato administrativo vixente segundo se deduce das resolucións de levantamento de reparo de facturas enerxía eléctrica expedientes Aldro (III) e Xenera (I) asinadas en data 12 de abril de 2017.

Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Aldro Energía y Soluciones SL, referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.

Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abranga todos os subministros existentes.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.

III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN: 1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015 acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención, foi levantado pola Alcaldía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 4823/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Sevizos Económicos.

EXPTE. 4824/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expediente 4824/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención municipal, asinado o 23

de agosto de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por “*Viesgo enerxía S.L.*” por un importe total de 804,85 €, que constan no expediente 4824/2017. No devandito informe sinalase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de 804,85 €.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 5 de setembro de 2017 proceduse ao levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 804,85 €.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos, e por non existir contrato administrativo vixente segundo se deduce das resolucións de levantamentos de reparo de facturas enerxía eléctricas expedientes Aldro (III) e Xenera (I) asinadas en data 12 de abril de 2017.

Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Viesgo Enerxía SL, referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.

Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abrangan todos os subministros existentes.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.

III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN: 1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV”.

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015 acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 4824/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Sevizos Económicos.

EXPTE. 4825/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expediente 4825/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención municipal, asinado o 23 de agosto de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por "*Viesgo comercializadora de referencia S.L.*" por un importe total de 8.377,68 €, que constan no expediente 4825/2017. No devandito informe sinalase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de 8.377,68 €.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 5 de setembro de 2017 proceduse ao levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

"1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 8.377,68 €. 2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso."

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos, e por non existir contrato administrativo vixente segundo se deduce das resolucións de levantamentos de reparo de facturas enerxía eléctrica expedientes Aldro (III) e Xenera (I) asinadas en data 12 de abril de 2017.

Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Viesgo Comercializadora de Referencia SL, referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.

Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abrangan todos os subministros existentes.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.

III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN: 1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV. "

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015 acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 4825/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Sevizos Económicos.

EXPTE. 4826/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expediente 4826/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención municipal, asinado o 23 de agosto de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por "*Origen Viveiro S.L.*" por un importe total de 7.264,89 €, que constan no expediente /2017. No devandito informe sinalase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de 7.264,89 €.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 5 de setembro de 2017 proceduse ao levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 7.264,89 €.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acredor.

Tendo en conta que neste momento xa se está a tramitar, no Departamento de Contratación, o expediente para licitar o servizo de limpeza de diversos edificios municipais do Concello de Viveiro, atopándose redactado a día de hoxe un borrador do prego de cláusulas administrativas particulares, que precisa de varias modificacións.

Resultando que o Concello non pode prescindir do servizo de limpeza, que debe continuar realizándose mentres non se remate o expediente de contratación iniciado.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta que xa se atopa en tramitación o expediente de contratación para o servizo de limpeza.

III. Tendo en conta que este servizo resulta indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se remate o oportuno expediente de contratación, é preciso continuar coa súa prestación. IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN: 1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015 acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 4826/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Sevizos Económicos.

EXPTE. 4829/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expediente 4829/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención municipal, asinado o 23 de agosto de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por “Gas natural servicios SDG S.A.” por un importe total de 3.828,45 €, que constan no expediente 4829/2017. No devandito informe sinalase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de 3.828,45 €.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 5 de setembro de 2017 proceduse ao levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

“1.Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 3.828,45 €.

2.Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos.

Tendo en conta que no informe de reparo tamén se sinala que as facturas de enerxía eléctrica ás que se refire corresponden á piscina municipal, indicando que o Concello se fixo cargo de dita factura (facendo cambio de titularidade) ao pasar a piscina municipal a ser xestionada polo concello, non constando contrato de suministro de enerxía eléctrica con GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA.

Tendo en conta que a piscina municipal se xestiona directamente polo concello (dende decembro de 2015) e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.

Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abrangan todos os subministros existentes.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.

III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN: 1º.- Acordar o levantamento do reparo en base

ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015 acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 4829/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Sevizos Económicos.

EXPTE. 4831/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expediente 4831/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención municipal, asinado o 23 de agosto de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por “*Servicios Sociais San Roque S.L.*” por un importe total de 24.219,39 €, que constan no expediente 4831/2017. No devandito informe sinalase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de 24.219,39 €.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 5 de setembro de 2017 proceduse ao levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 24.219,39 €.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acredor.

Tendo en conta que o servizo de axuda no fogar constitúe un servizo básico e indispensable para a cidadanía e que por parte deste Concello se están a levar a cabo as actuacións necesarias en aras a poder proceder á realización dun expediente de contratación para a prestación do servizo, como resulta ser a necesidade de consignación orzamentaria,

necesaria para poder aprobar o referido expediente. Este Concello, en tanto non estea rematado o devandito expediente de contratación, non pode prescindir da prestación deste servizo (que implicaría a desatención de necesidades sociais e básicas dunha parte importante da cidadanía).

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta que se están a levar a cabo as actuacións necesarias e previas para poder aprobar o expediente de contratación para a prestación deste servizo.

II. Tendo en conta o Servizo de Axuda no Fogar constitúe un servizo necesario e indispensable para a cidadanía do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter a súa prestación.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN: 1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015 acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 4831/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Sevizos Económicos.

EXPTE. 4832/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expediente 4832/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención municipal, asinado o 23 de agosto de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por “Autos Morán S.L.” por un importe total de 330,00 €, que constan no expediente 4832/2017. No devandito informe sinálase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de 330,00 €.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 5 de setembro de 2017 proceduse ao levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 330 €.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acreedor.

Tendo en conta que por parte desta Alcaldía xa se deron as indicacións oportunas para proceder á realización do expediente de contratación correspondente para continuar prestando este servizo.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN: 1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I e II.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015 acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas,

recollidas na relación que figura no expediente 4832/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Sevizos Económicos.

EXPTE. 4845/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expediente 4845/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención municipal, asinado o 24 de agosto de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por “Autos Morán S.L.” por un importe total de 5.016,00 €, que constan no expediente 4845/2017. No devandito informe sinálase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de 5.016,00 €.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 4 de setembro de 2017 acordouse procederse ao levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 5.016,00 €

2 .Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acreedor.

Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa MORÁN SL, referidas ao servizo de transporte escolar dende Viveiro a Xove e Burela e correspondentes ao 3º trimestre do curso 2016-17. Tendo en conta que este curso xa finalizou, as advertencias referidas e que, antes do inicio do próximo curso, esta alcaldía ten intención de valorar a conveniencia e necesidade da prestación deste servizo, suposto no cal se realizaría a tramitación correspondente para levar a cabo un expediente de contratación, en orde a garantir os principios de contratación pública, unha vez coñecidas as advertencias manifestadas pola Interventora.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN: 1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I e II. “

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015

acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 4845/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

7.- PROPOSTAS DE GASTOS.

Vistas as propostas de gasto presentadas polos concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos seguintes números de expedientes:

2530/2017; 2725/2017; 3203/2017; 3220/2017; 3481/2017; 3728/2017; 4299/2017; 4643/2017; 4766/2017; 4768/2017; 4769/2017; 4781/2017; 4820/2017; 5013/2017; 5027/2017; 5028/2017; 5073/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo. Dar conta do presente acodo ao Departamento de Intervención e aos concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

8. - ROGOS E PREGUNTAS.

E non habendo máis asuntos que tratar, A Sra. Alcaldesa levanta a sesión, sendo as catorce horas e dez minutos do día 18 de setembro de 2017,

Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, Secretario accidental, dou fe.